



### AXENDA DA “VEDRA FESTEIRA” EN OUTUBRO

- FESTAS DO SAN MIGUELIÑO EN SAN MIGUEL DE SARRANDÓN: 29 DE SETEMBRO e 5 e 6 DE OUTUBRO.

### XESTIÓN TRIBUTARIA – CALENDARIO FISCAL IBI, IAE e TAXAS 2023

- Dende setembro e ata o 15 de novembro estarán a disposición os recibos en período voluntario do IBI, IAE e TAXAS.

Aqueles recibos que se atopen domiciliados serán cargados en conta o día 15 de outubro.

Na páxina web da Deputación da Coruña, concretamente na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacorua.gal>) poderán comprobar os recibos, obter a carta de pago e mesmo realizar o pago do imposto. Tamén poderán solicitar a carta de pago no propio concello.

Máis información e consultas a través do número de teléfono do Concello 981 814 612.

**OLLO LEMBRA!!** As solicitudes de bonificacións para o ano 2025 do IBI e IVTM deberán presentarse ANTES do 31 de decembro.

## OUTUBRO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

### CURSO 2024/2025 DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE VEDRA

- En outubro comezan todas as actividades culturais e deportivas municipais.

Os prazos de inscrición están pechados, pero fai a túa consulta no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico: [cultura@concellodevedra.gal](mailto:cultura@concellodevedra.gal)



## SABÍAS QUE...

- Podes acceder a un servizo de WIFI gratuito en varios edificios públicos do Concello de Vedra?

O único que tes que facer é achegarte a un deles e conectarte á rede “WiFi4EU”. Ao conectarte por primeira vez serás redirixido a unha páxina de inicio de sesión segura, que podes completar rexistrándote previamente ou a través dun auto-

registro por SMS, non se che volverá e pedir inicio de sesión ata pasadas 12 h.



Os puntos WiFi4EU onde te podes conectar son:

- A Casa do Concello.
- O Centro Socio Cultural de Vedra.
- O Centro de Emprendemento “A Estación” en Sta. Cruz de Ribadulla.
- A Reitoral de Ponte Ulla.



Día da Xuventude en Vedra, iniciativa da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia e coa participación da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra.




Celebración da patroa do Centro Social coa Festa do Burgo da Terceira Idade de Vedra.



## ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



A 31ª Carreira Popular do Gundián en Ponte Ulla.



Campamento de Verán en setembro da A.C. San Campio.



Unha das actividades da Asociación O Burgo para a Terceira Idade.



O 1º Torneo de Lendas de Vedra, na que participaron xogadores veteranos dos distintos clubs que representaron ao concello de Vedra polos distintos terreos de xogo de Galicia. Nesta xuntanza reuníronse representantes de 8 Copas do Sar, xa que o noso concello é o único que pode presumir que deu acubillo a 4 equipos que teñen ese título. 5 Copas do San Mamede /1 Copa do Airiños do Ulla /1 Copa do Boqueiriños/1 Copa do Ponte Ulla e ademais unha Supercopa Galega do Ponte Ulla.



O Trofeo de Vedra de Fútbol entre o San Mamede e o Val do Ulla, que rematou cun 2 - 3 no marcador.



O Roteiro polo Pico Sacro da Camara Minera de Galicia.

## ITV AGRÍCOLA EN VEDRA

■ A Unidade Móbil para os vehículos agrícolas do noso municipio estará dispoñible no campo da Festa de Vedra nas seguintes datas e horarios:

- 31 de outubro de 9:00 a 13:30 horas.
- 4, 5 e 6 de novembro de 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 horas (Agás o 6 que só terá o horario de mañá).

IMPRESCINCIBLE CITA PREVIA NO TELÉFONO 902 309 000 DENDE O 1 DE OUTUBRO.

## XULGADO DE PAZ. ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES

■ Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

- Horario de atención ao público de 10:00 a 14:00 h.

Enderezo electrónico: [registrocivil.vedra@xustiza.gal](mailto:registrocivil.vedra@xustiza.gal)

## INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA EN OUTUBRO SERÁ O MARTES 15

■ Con cita previa obrigatoria no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h).

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

## RECIBE TODA A INFORMACIÓN MUNICIPAL DE INTERESE CO SERVIZO POR WHATSSAP

■ Envía unha mensaxe coa palabra "ALTA" ao número 663 893 398.

Así terás sempre de forma áxil e cómoda todas as novidades de interese.



NON DUBIDES e súmate a este servizo que xa supera as 500 persoas usuarias!! Imos a polas 1000!!

## EXPOSICIÓN: OS CAMIÑOS DE ELÍAS VALIÑA DO 1 AO 11 DE OUTUBRO NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA

Este proxecto expositivo e multimedia busca reivindicar e divulgar a figura de Don Elías Valiña como un dos principais estudosos e precursores do asociacionismo xacobeo, como un dos actores fundamentais no rexurdimento contemporáneo do fenómeno das peregrinacións a Santiago e tamén como o inventor das características frechas amarelas que sinalizan os camiños.



### Exposición:

- **Datas:** do 1 ao 11 de outubro.
- **Horario:** de 17:00 a 21:00 h.
- **Lugar:** Centro Sociocultural de Vedra.

### Proxección do documental: Elías Valiña, o inventor das frechas amarelas

- **Data:** mércores 2 de outubro.
- **Hora:** 20:00 h.
- **Lugar:** Centro Sociocultural de Vedra.



## E EN NOVEMBRO... EXPOSICIÓN: INQUIETUDES

Do veciño vedrés da parroquia de San Mamede de Manuel Jesús Oliveira (O Cacho).

- **Datas:** do 9 ao 29 de novembro
- **Lugar:** Centro Sociocultural de Vedra.

Inauguración o sábado 9 de novembro ás 20:30 horas no Centro Sociocultural de Vedra.

## EXPOSICIÓN MANUEL JESÚS OLIVEIRA (O CACHO)



**DO 9 AO 29 DE NOVEMBRO**  
 DE LUNS A VENRES DE 17:00 A 21:00 H.  
 CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA

**INAUGURACIÓN:**

**SÁBADO 9 NOVEMBRO ÁS 20:30 H.**



# Medio Ambiente

## PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA EN VEDRA

**SOLICITA O TEU COMPOSTEIRO...** escribindo ao enderezo electrónico [residuoskmzero@concellodevedra.gal](mailto:residuoskmzero@concellodevedra.gal)

**CONSULTA AS TÚAS DÚBIDAS...** no teléfono 623 932 143 en horario de tarde.

O obxectivo da campaña é chegar aos 2000 composteiros.



## PROXECTO: MULLERES FRONTE A EMERXENCIA CLIMÁTICA

■ **Cando?** Xoves 17 de outubro ás 20:00 h.

**Onde?** Aula Ambiental Amabul, Casa dos Peóns, San Pedro de Vilanova.

**Dirixido a:** Mulleres (non é preciso ter coñecementos previos, só ganas de compartir vivencias e experiencias propias sobre os xeitos de vivir de antes (e de agora), e de como as mulleres coidaron e coidan do entorno.

**Duración do proxecto:** 10 sesións

**En que consiste o proxecto?** En crear un espazo no

cal compartir saberes, experiencias, formas de facer que as mulleres levan practicando ao longo de moitos anos no rural, para coidar o noso medio... En buscar alternativas para construír sociedades máis xustas, igualitarias e menos agresivas co medio ambiente.

**Promove:** Feitoria Verde S. Coop. Galega.

**Organizan:** Concello de Vedra, Asociación Medioambiental Amabul e Asociación Berenguela pola Igualdade.

**Para + Info e inscricións:** 981 814 695 / voluntariado@concellodevedra.gal ou coas propias asociacións.

## Xuventude

## QUEDADA XOVE / MERENDA EUROPEA / TIME TO MOVE

■ Encontro-merenda para dar a coñecer os programas de mobilidade europea entre a mocidade (Erasmus+, CES, Discover EU...).

Dirixido a mozos/as de 14 a 30 anos.

*Queres participar nun intercambio europeo?  
Anímate a viaxar por Europa!  
Ven a informarte!*

- **Día:** 11 de outubro de 2024.
- **Hora:** 19:30 h.
- **Lugar:** Centro Sociocultural de Vedra.



Máis información e inscricións nos teléfonos 981 814 695 / 981 814 691 ou no enderezo electrónico [xuventude@concellodevedra.gal](mailto:xuventude@concellodevedra.gal)

## Deporte

## SENDEIRISMO O SÁBADO 19 DE OUTUBRO

■ Despois das vacacións de verán... volve o noso grupo de senderistas. E faino coa etapa dende O Porto de Taragoña ata Bexo.

Horarios e lugares de recollida do Servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 08:00 horas
- Parada en Lestedo ás 08:10 horas
- Parada no Breixo ás 08:15 horas
- Parada no Hipercor ás 08:25 horas
- Última parada diante da oficina do BNG (antiga estación de autobuses) ás 08:30 horas

Se queres participar desta etapa chama ao 981 814 691 e infórmate antes do 15 de outubro.





## ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE CURSO OUTUBRO 2024- XUÑO 2025

### ■ Ximnasia de maiores:

Os luns e mércores de 18:15 a 19:15 h. e de 19:15 a 20:15 h.

### ■ Obradoiro de traballo corporal:

Os martes de 18:00 a 19:00 e de 19:00 a 20:00 h.

### ■ Obradoiro de memoria:

Os martes e xoves de 17:00 a 18:00 h. e de 19:00 a 20:00 h.

### ■ Canto-Coral:

Os venres de 19:30 a 21:00 h.

Estes cursos teñen un custe de matrícula de 20 € (de outubro a xuño).

### ■ Laborterapia (Nas Mans da Avoa; Gratuíto):

Os mércores de 16:30 a 18:30 h.

### ■ Obradoiro de Teatro (Gratuíto):

Os mércores ás 20:15 h.



### ■ Bailoterapia:

20 €/trimestre, dende abril a xuño.

Os xoves de 18:45 a 19:45 h.

### ■ Ioga integral:

30 €/trimestre, dende abril a xuño.

Os venres de 17:30 a 19:00 h.

### ■ Proxecto EUTERPE\_ADN/MÚSICA:

Os martes e xoves de 18:00 a 19:00 h.

INSCRICIÓNS NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS CHAMANDO AOS TELÉFONOS 981 814 695 – 981 814 693 (en horario de mañá) ou no Centro Social de 17:00 a 21:00 h.

## OUTRAS ACTIVIDADES:

### ■ Bingo

Xoves 10 de outubro.

Hora: ás 20:00 h.

### ■ Excursión á Comarca de Lugo Mércores 30 de outubro.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, visitas e comida). Prazas limitadas. (O prazo de inscrición ábrese o 14 de outubro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).  
Visitas: Catro de Viladonga, Poboado das Formigas, Aeródromo de Rozas, Vello Cárcere de Lugo...

### ■ Asemblea Xeral do Consello do Centro Sociocultural da Terceira Idade de Vedra

Xoves 31 de outubro.

Hora: ás 20:00 h.

Coa seguinte Orde do Día:

1º.- Lectura e aprobación, se procede, de actas anteriores.

2º.- Plan de actividades para o curso 2024-2025.

3º.- Eleccións do Consello do Centro Sociocultural da Terceira Idade de Vedra.

4º.- Rogos e preguntas.

### ■ Escola de Saúde: "Coidado da vista; saúde visual nas persoas maiores"

Xoves 14 de novembro.

Hora: ás 20:00 h.

### ■ Magosto e baile

Sábado 16 de novembro.

Hora: ás 19:00 h.

Coa actuación musical de Marietta.

### ■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 20 de novembro.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal. Prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 4 de novembro ás 17:00 h. no Centro Social.

As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

### ■ Bingo

Xoves 21 de novembro

Hora: ás 20:00 h.

Nota: Servizo de cafetería no Centro Social, de luns a venres de 17:00 a 21:00 h.

## INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

### ■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:


1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

### ■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).



2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

### ■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

### ■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

### ■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



## LUDOTECA MUNICIPAL

■ Este espazo continúa a traballar na coeducación para a corresponsabilidade e a Igualdade en todas as súas actividades.

Con obradoiros e actividades variadas que coma sempre se adaptan ao calendario:

- Xogos grupais (cooperativos, de mesa, populares,...)

- Obradoiros emocionais
- En Valores

E en outubro ademáis coñecemos, preparamos e celebramos o SAMAIN!!



## Muller



### ARRANCAMOS!! NOVO TALLER “MULLERES + 2024”

■ *Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.*

O departamento de igualdade do Concello pon en marcha unha nova edición do Programa Mulleres +.

Esta acción formativa está pensada, para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, de idiomas ou doutras ferramentas que lles permita, entre outros as-

pectos, poder acceder ao mercado laboral.

Dentro deste programa presentase o curso:

#### **EU SEI, EU MÓVOME, EU PRO-TÉXOME**

- Coñecementos básicos no uso das TIC.
- Coñecementos teóricos e habilidades metodolóxicas para promover a inclusión dixital.
- Sesións de grupo e individuais.

O curso é gratuito.  
Infórmate nos teléfonos 699 041 486 ou 981 814 693.

**MULLERES+**  
PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE E AUTONOMÍA E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
APODERAMENTO E PARTICIPACIÓN COMUNITARIA  
AUTOESTIMA  
AUTONOMÍA  
IGUALDADE E EXERCICIO DE DEREITOS  
PARTICIPA!  
Pacto de Estado  
Concello de Vedra  
ÁREA DE MULLER E IGUALDADE  
Concello de Vedra




## DÍA MUNDIAL DA MULLER RURAL

■ O 15 de outubro, celébrase o Día Internacional da Muller Rural, que ten como obxectivo o recoñecemento ao papel decisivo das mulleres no desenvolvemento, a seguridade alimentaria e a erradicación da pobreza.

Esta data, establecida por Nacións Unidas, celébrase desde 2008, e desde o concello de Vedra, quereamos lembrar e unirnos á súa celebración, sinalando os avances conseguidos e o camiño que nos queda por percorrer ata a consecución da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.


No ámbito rural, sabemos que en numerosas ocasións, incrementáanse os obstáculos xerais das mulleres para acceder ao mundo laboral: menos oportunidades de emprego de calidade, menos servizos públicos e infraestruturas no sector de atención a persoas, maior peso de estereotipos e roles de xénero, maior carga de traballo familiar de coidado e maior presenza na economía mergullada ou informal.



As mulleres do medio rural padecen unha discriminación salarial que rolda o 14% e que vén motivada por unha falta de igualdade de oportunidades no mercado laboral; a masculinización da xerarquía laboral e a feminización da temporalidade dos contratos.

Aínda así e a pesar diso, as mulleres rurais representan un gran motor de crecemento e desenvolvemento, tanto nos sectores agrícola e gandeiro como nas novas oportunidades que se centran nos recursos naturais e os servizos que se prestan.

De aí a importancia de seguir apoiando á muller rural na súa contorna máis próxima, e de ofrecer alternativas reais á súa incorporación laboral.



## PRESENTACIÓN DO PODCAST “AS HERBAS DA AVOA”

■ Con este motivo desde o grupo de mulleres do Programa Mulleres+ presentan o resultado, onde as participantes contarán as súas experiencias, as súas necesidades e retos como mulleres que viven no rural.

A presentación será o 17 de Outubro de 2024 na nave da estación en Sta. Cruz de Ribadulla, ás 19.00 horas, concluíndo cun debate coloquio sobre a situación das mulleres no noso concello.

Escoita este espazo na seguinte ligazón: [https://www.youtube.com/watch?v=4S\\_7gjj2cCM](https://www.youtube.com/watch?v=4S_7gjj2cCM) ou a través da web municipal.





## CURSOS ALFABETIZACIÓN DIXITAL NA AULA CEMIT DO 14 DE OUTUBRO AO 15 DE DECEMBRO

■ Volven á Aula Cemit de Vedra (no edificio da biblioteca municipal) as actividades de formación de “Alfabetización Dixital” dende mediados de outubro ata mediados de decembro.

### Contidos:

- Manexo do Móbil (Apps, whatsapp, Redes Sociais,...).
- Mecanografía para persoas adultas.
- Ciberseguridade (cómo evitar estafas, ...).
- Competencias dixitais (uso de drones, tablets e gafas 3D).

**Calendario:** Do 14 de outubro ao 15 de decembro.

**CeMIT**

Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica



### Sesións:

- Polas mañás os luns ás 10 horas.
- Polas tardes a determinar.

**Prezo:** 10 € / mes.

**Inscripcións:** No teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.gal ata o 10 de outubro.

## Iniciativas das Asociacións



### XORNADAS MICOLÓXICAS COGOMELAR COA ASOCIACIÓN AMABUL

■ Un ano máis chegan as Xornadas Micolóxicas Cogomelar da man da Asociación AMABUL, impartidas por Chemi Traba e MicoCultores.

- **Data:** O sábado 26 de outubro.
- **Lugar:** Nave da Estación de Santa Cruz de Ribadulla.

*Xornadas micolóxicas*  
**COGOMELAR**  
Sábado 26 de outubro  
**2024**

**Obradoiro de introdución aos fungos saprófitos**  
(de 10:00 a 14:00 h.)

**Obradoiro de fungos e medio ambiente**  
(de 16:30 a 17:30 h.)

**Obradoiro de cultivo caseiro de cogomelos**  
(de 17:30 a 19:30 h.)

**Interveñen:**  
Chemi Traba  
MicoCultores

**Preinscrición:**  
www.amabul.org  
Prazas limitadas!!!

**Lugar:**  
Nave da Estación de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra)

Máis info:  
623 932 143  
amabul@amabul.org  
@asoc.amabul/

Deputación DA CORUÑA  
20 ANIVERSARIO AMABUL  
Aula Ambiental ULLA  
Concello de Vedra

### HISTORIAS MIGRANTES COAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS VEDRESAS PAPAVENTOS E RAICEIROS

■ Homenaxe aos emigrantes vedreses, con exposicións, gastronomía tradicional, obradoiro de baile,...

- **Data:** O domingo 13 de outubro.
- **Lugar:** Antigo Xulgado de Vedra.
- **Hora:** A partir das 16:00 horas.

**HISTORIAS MIGRANTES**  
XORNADA SOLIDARIA

16:00 h: Roteiro da Emigración  
19:00 h: Faladoiro - Foliada aberta  
Exposicións - Gastronomía tradicional  
Obradoiro de baile tradicional arxentino  
Homenaxe aos emigrantes vedreses

Antiga casa do sindicato de Vedra  
(Antigo xulgado)  
Domingo 13 de outubro


raiceiros.org  
Asociación Cultural Papaventos  
A G A MA  
Concello de Vedra

## ESPAZO ACTIVO DA ULLA DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO O 26 E 27 DE OUTUBRO

### ■ 26 DE OUTUBRO: PASABODEGHAS "O RÍO DAS LETRAS"

#### Programa:

- 17 horas. "Ruta Ghaiteira" (punto de encontro campo da festa):  
Kale Bailoila / Os Carballas do Rosal / Son de Gaita / Varacuncas / Buxaina / Farrapos de Cesullas / Lume na Lareira / Cantares de Cunha / FraghUllas /



Os amighos de tua Prima / Os Feroces da Galgueira / O Folk da Chousa / Pena do Corvo / Argalleiros / Pataghullos / Airiños do Eume / No Cómbaro / Charranghaitos / Movendo marcos / Liantes & Friends /

- 17:45 horas. Irmandade "Ruta das Covas de Seaudur e o Pasabodeghas" no Cruce da Pedreira
- 18:00 horas. Circo / Peter Punk (Espazo infantil)
- 19:30 horas. Teatro de Sombras: Carolina Ultra-sónica (Espazo infantil)
- 21:00 horas. Os Viqueiras de Ordes. Gaiteiros e Cabezudos (Cruce da Pedreira)
- 21:30 horas. Subida Ghaiteira (Cruce da Pedreira)
- 22:00 horas. Vida da Terra
- 22:30 horas. Concertos no campo da festa:
  - AILÁ
  - A BANDA DAS CRECHAS
  - MONOULIOUS DOP

### ■ 27 DE OUTUBRO: FOLIADA

- 12:30 horas actuacións no campo da festa:
  - Faiscas da Pontagra
  - Asociación Cultural San Campio
  - Centro Cultural A Ponte Vella
- Sesión vermú e tapeo comunitario "Galicia Sabe a Mar".

## ASOCIACIÓN TERCEIRA IDADE O BURGO DE VEDRA

■ Esta dinámica entidade continúa propoñendo actividades, nesta ocasión presentamos a súa axenda para os meses de outubro e novembro:

- Do 19 ao 26 de outubro: **Viaxe a Benidorm**. Xa están cubertas todas as prazas.
- O 1 de novembro, festividade

de Santos: Excursión á Feira de Monterroso.

- O domingo, 17 de novembro: **Churrascada e magosto, con baile, no local social de Trobe.**

Consultas e inscricións  
no teléfono: 639 811 666.





## A ARTURO ÁLVAREZ POLOS SEUS...

■ 30 anos de excelencia en deseño, con importantes achegas conceptuais e artísticas á iluminación contemporánea.

30 anos de premios mencións e recoñecementos internacionais para un dos máis relevantes deseñadores españois.

30 anos inspirando a xeracións de deseñadores, artistas e artesáns.

30 anos de liberdade creativa, de frescura discursiva, rompendo límites e barreiras entre arte, deseño e artesanía.

Algo que celebra coa Exposición retrospectiva "Arturo Álvarez 30", que estará aberta ao público, durante todo o mes de outubro, no seu estudio en San Miguel de Sarandón con reserva previa no mail [export@arturoalvarez.art](mailto:export@arturoalvarez.art)

Unha exposición retrospectiva, comisionada por Carlos Quintáns, que fai un repaso aos deseños máis icó-

nicos de Arturo Álvarez, chegando á actualidade, a instalacións e esculturas de grandes formatos. Unha das novas pezas, Fluo UP, é unha reinterpretación dun dos seus deseños máis icónicos e premiados.

A exposición conta ademais coa participación das artistas de distintas disciplinas: Marta Armada, Idoia Cuesta, Veronica Moar, Mónica Alonso, Mariña Regueiro y Akazie, e a súa particular visión sobre a luz.



## Á FAMILIA DO CD. SAN MAMEDE POLA SÚA HOMENAXE AO CAPITÁN "OROSA"

■ Foi o sábado 31 de agosto, tras a celebración do Torneo "Concello de Vedra" entre os clubs vedreses CD San Mamede e Val do Ulla cando José Orosa Bao recibiu unha emotiva e merecida homenaxe polos seus



máis de 32 anos no club San Mamede, sendo un referente dentro e fóra do campo, con toda unha vida deportiva dedicada ao seu equipo.



## A XANELA DA LINGUA...

### O GALEGO NO CONGRESO DE DEPUTADOS!

■ En setembro do ano dous mil vinte e tres entrou en vigor a modificación do Regulamento do Congreso dos Deputados para incluír o uso do galego, catalán e éuscaro na Cámara. Así pois, na actualidade poden usarse ademais do castelán as linguas que teñen carácter oficial nalgunha comunidade autóno-

ma de acordo coa Constitución e o correspondente Estatuto de Autonomía.

E o colectivo de deputados e deputadas poden usar estas linguas nas súas intervencións orais e escritas.

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e cómodamente!  
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS